
PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL DE POBREZA ENERXÉTICA DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA.

A Ordenanza de garantía básica do Concello de Santiago de Compostela aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 16 de xuño de 2016, recoñece varias axudas de rescate social como un conxunto de prestacións económicas de carácter extraordinario e puntual destinadas a atender situacións de urxencia que afecten a persoas ou unidades de convivencia que non poidan facer fronte á súa cobertura. Concretamente no seu Artigo 24:

ARTIGO 24. PRESTACIÓNS DE HABITABILIDADE E POBREZA ENERXÉTICA, E EQUIPAMENTO BÁSICO DE VIVENDA

En relación coa vivenda que sexa residencia habitual, real e efectiva de quen a solicita, e sempre que estea situada dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, poderanse outorgar prestacións para os seguintes conceptos:

1. HABITABILIDADE E POBREZA ENERXÉTICA.

1.1. Concepto: prestacións para sufragar:

- a) *Débedas asociadas á pobreza enerxética, entendidas como débedas por subministro de luz e/ou gas que proceda dun impagamento puntual.*
- b) *Gastos asociados a altas de contratos de subministración enerxética nunha nova vivenda.*

[...]

1.3. Contía e límite temporal:

- a) *Débedas asociadas á pobreza enerxética, entendidas como débedas por subministro de luz e/ou gas que procedan dun impagamento puntual. Aboaranse ata*

o 100% do gasto de recibos non pagados, derivados da subministración dun máximo de doce (12) meses de antigüidade á data da solicitude inicial, e ata un máximo do 100% do IPREM, ou índice que o substitúa.

b) Por gastos asociados a altas de contratos de subministración enerxética de vivenda. Aboarase ata o 100% do gasto e ata un máximo do 100% do IPREM, ou índice que o substitúa.

[...]

No ano 2018, foron concedidas 21 prestacións de rescate social de habitabilidade e pobreza enerxética, como recolle o informe técnico da análise da evolución dos Servizos Sociais, en canto aos programas de información e orientación, Ordenanza de Garantía Básica Cidadá, Bolsas municipais, RISGA, AIS, e Servizo de Axuda no Fogar, no período 2015-2018 publicado na web do Concello.

Tendo en conta que nos últimos anos a factura eléctrica tivo fortes subas e a demanda do bono social para rebaixar o importe da factura incrementouse de forma considerable no noso concello. É sorprendente que no ano 2020 só foran concedidas 11 axudas da prestación de pobreza enerxética e a 30 de novembro do 2021 só 7, segundo os datos recollidos no informe técnico da ordenanza de garantía básica.

Compre recordar que as prestacións sociais de habitabilidade e pobreza enerxética, a diferenza doutras axudas incluídas na ordenanza de garantía básica, non son incompatibles co cobro doutro tipo de prestacións coma a RISGA ou IMV.

Tendo en conta o exposto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Cal é a explicación para goberno municipal da baixada das axudas de rescate social de pobreza enerxética contempladas na ordenanza de garantía básica, e ten previsto o goberno facer algún tipo de campaña de difusión ou informativa sobre as mesmas para facilitar o seu acceso á poboación obxecto das mesmas?**

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022


María Rozas Pérez

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta